

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA, POLA QUE SE RECOÑECE Á ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA-OPPNOIA CON NIF. G56340458, COMO ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA O SECTOR DA PESCA.

ANTECEDENTES

O 20.11.2023 a **Organización de produtores pesqueiros de Noia-OPPNOIA** con NIF G56340458, presentou solicitude de recoñecemento como organización de produtores (OPP) de ámbito autonómico, para o sector da pesca. (núm. de rexistro de entrada 2023/3081564).

Con data 23.01.2024 e N° de Rexistro 2024/203661 a **Organización de produtores pesqueiros de Noia-OPPNOIA** achegou a documentación a efectos de mellora voluntaria da solicitude.

Unha vez examinada a devandita solicitude e documentación complementaria aportada e feitas as comprobacións pertinentes detectáronse distintas deficiencias, falta de documentación e outros elementos de xuízo necesarios aos efectos de emitir a resolución oportuna.

Con data 07.02.2024 e N° de Rexistro S 204496 / RX 239290 requiriuse para a súa corrección , para que no prazo de dez (10) días hábiles, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, presentase a documentación preceptiva.

Este requirimento foi aceptado polo usuario o 08.02.2024, momento no que se entende notificado.

Organización de produtores pesqueiros de Noia achegou a documentación para atender a dito requirimento, abordando as non conformidades atopadas e cumprimentando a totalidade da emenda ao requirimento, tal e como se recolle ao longo deste informe, con data 11.03.2024 e N° de Rexistro 2024/835700.



Con data do 15.03.2024 e Nº de Rexistro 2024/907321 presentaron nova documentación como documentación complementaria ao requirimento.

Con data 23.01.2024 e 25.04.2024 ,e unha vez analizada toda a documentación achegada pola OPP , o servizo de Mercados solicitou informes o servizo de Análise e de Rexistros (SAREX),unidade estatística da Consellería do Mar, que foron emitidos con datas 02.02.2024 e 26.04.2024, cunha revisión dos datos de produción e de valor económico destes tres últimos exercicios (2021-2022-2023) e das características dos socios, aos efectos de INFORMAR si compren cunha actividade económica suficiente para o recoñecemento como OPP e para comprobar si compren as características para aplicar a excepción do art.3 apartado 3 letra c do Real Decreto 277/2016 tal e como o solicitan.

CONSIDERACIONES LEGALES e TECNICAS

- **Regulamento (UE) Nº 1379/2013¹ do 11 de decembro de 2013 polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os Regulamentos (CE) Nº 1184/2006 e (CE) Nº 1224/2009 do Consello e derrógase o Regulamento (CE) Nº 104/2000 do Consello establece no seu artigo 1.2 que as Organizacións Profesionais son un dos elementos que integran a Organización Común de Mercados (en diante OCM), dedicándolle o Capítulo II desta norma ás devanditas Organizacións.**

Na Sección I deste Capítulo II "Constitución, obxectivos e medidas", son de interese aos efectos deste expediente, o establecido nos seguintes artigos:

- No artigo 6, "Constitución das Organizacións de produtores do sector da pesca e das organizacións de produtores do sector da acuicultura", establece, entre outros, que as organizacións de produtores poderán constituírse a iniciativa dos produtores e deben ser recoñecidas de conformidade coa sección II. No apartado 2 establece que cando proceda, a situación específica dos produtores a pequena escala deberá terse en conta para a constitución das organizacións de produtores.
- No artigo 7, "obxectivos das organizacións de produtores" establece no seu apartado 1 os 4 obxectivos que deben perseguir as Organizacións de produtores da

¹ Regulamento da OCM



pesca; no seu apartado 3 recolle 5 obxectivos a maiores dos cales deben cumprir como mínimo 2.

- No seu artigo 8, apartados 1 e 2, veñen descritas aquelas medidas que as organizacións de produtores da pesca poden levar a cabo para acadar os obxectivos descritos no artigo anterior.

Respecto da Sección II dedicada ao "Recoñecemento" destas Organizacións de produtores, é de interese o establecido nos artigos 14 e 17:

- Artigo 14 "Recoñecemento das organizacións de produtores": 1. Os Estados membros poderán recoñecer como organizacións de produtores a todas as agrupacións creadas por iniciativa de produtores do sector pesqueiro ou do sector da acuicultura que así o soliciten, a condición de que:
 - a) cumpran os principios establecidos no artigo 17 e as normas adoptadas para a súa aplicación,
 - b) desenvolvan unha actividade económica suficiente no territorio do Estado membro de que se trate, ou en parte deste, en particular no que concirne ao número de membros ou ao volume de produción comerciable,
 - c) posúan personalidade xurídica conforme á lexislación nacional do Estado membro interesado, e estean establecidas e teñan a súa sede estatutaria no seu territorio,
 - d) estean en condicións de perseguir os obxectivos contemplados no artigo 7,
 - e) cumpran as normas sobre competencia a que fai referencia o capítulo V
 - f) non abusen dunha posición dominante nun mercado determinado,
 - g) faciliten información pertinente sobre a súa afiliación, goberno e fontes de financiamento.
- Artigo 17: "Funcionamento interno das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais". O funcionamento interno das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais a que se refiren os artigos 14 e 16 basearase nos principios seguintes:
 - a) cumprimento polos seus afiliados das normas adoptadas pola organización aplicables á explotación, a produción e a comercialización das pesqueiras,



- b) non discriminación entre os afiliados, en particular por motivos de nacionalidade ou lugar de establecemento,
 - c) imposición aos seus afiliados dunha contribución financeira destinada ao financiamento da organización,
 - d) funcionamento democrático que permita aos afiliados controlar a súa organización e as súas decisións,
 - e) imposición de sancións efectivas, disuasorias e proporcionadas por contravir as obrigas establecidas nas normas internas da organización interesada, en particular en caso de non pagamento das contribucións financeiras,
 - f) definición de normas sobre a admisión de novos afiliados e a baixa de afiliados,
 - g) definición de normas contables e orzamentarias para a xestión da organización.
- No Anexo I do **Regulamento de Execución (UE) N° 1419/2013, de 17 de decembro, relativo ao recoñecemento das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais, a aplicación extensiva das normas das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais e a publicación dos prezos de activación, de conformidade co Regulamento (UE) N° 1379/2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura**, recóllese o "formulario de solicitude de recoñecemento", isto é, a información que debe figurar nas solicitudes de recoñecemento das Organizacións de Produtores:
- a) constitución da organización de produtores ou organización interprofesional;
 - b) normas de funcionamento interno de conformidade cos principios establecidos no artigo 17 do Regulamento (UE) non 1379/2013;
 - c) nomes das persoas con capacidade para actuar en nome e por conta da organización de produtores ou a organización interprofesional;
 - d) proba de que a organización de produtores ou organización interprofesional se axusta ás condicións establecidas no artigo 14, apartado 1, e o artigo 16, apartado 1, do Regulamento (UE) non 1379/2013, respectivamente;
 - e) detalle das actividades levadas a cabo pola organización de produtores ou a organización interprofesional, especificando o ámbito de actividade e os produtos da pesca e a acuicultura para os que se solicita o recoñecemento.
- O documento de traballo dos servizos da Comisión Europea denominado "**Documento orientativo sobre a aplicación do capítulo II, "Organizacións profesionais"**, do



Regulamento (UE) n.º 1379/2013 polo que se establece a OCM no sector dos produtos da pesca e da acuicultura”, pretende fomentar en todas as partes afectadas unha interpretación común e uniforme das normas e dos procedementos relativos ao recoñecemento destas organizacións ofrece unha serie de directrices a efectos informativos coa intención de facilitar, entre outros, a aplicación das normas relativas deste recoñecemento, se explican a finalidade e as condicións do devandito recoñecemento, pormenorízase o procedemento que os actores implicados deben seguir en aras a aterse ao Regulamento da OCM e para exercer as súas funcións correspondentes, facendo especial fincapé en como deben aplicarse as normas sobre competencia para a concesión do recoñecemento a unha organización profesional. Polo tanto neste documento a Comisión facilita ás autoridades competentes dos Estados Membros os requisitos de avaliación da solicitude de recoñecemento, a fin de verificar si compren as condicións previstas nos artigos 14,16 e 17 do Regulamento da OCM.

- **Real decreto 277/2016, de 24 de xuño, modificado polo Real Decreto 664/2023, polo que se regulan as Organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura**, que ten por obxecto regular as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura segundo o establecido na OCM. establece, entre outros:
- No artigo 2, establécese que poderán ter ámbito autonómico, nacional ou transnacional e deberán perseguir e aplicar os obxectivos e medidas establecidas na OCM e na PPC (Política Pesqueira Común); as distintas modalidades das organizacións da pesca e da acuicultura; que como mínimo deberá incluír a figura dun xerente, director u outra figura similar e que deberán dispoñer dunha estrutura organizativa propia dotada do persoal, da infraestrutura e do equipamento necesarios para poder cumprir as obrigacións establecidas na normativa europea e nacional, en particular, o coñecemento da produción dos seus membros e a xestión orzamentaria; As organizacións profesionais no seu funcionamento deberanse rexer polo disposto no capítulo V da OCM, así como na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.
 - No artigo 3 establece disposicións concretas que deben cumprir as organizacións de produtores pesqueiros.



Por resultar relevante neste procedemento subliñar que o apartado 3 deste artigo establece que as organizacións de produtores deberán exercer unha actividade económica suficiente. En concreto, no caso de OPP de ámbito autonómico, deberán obter, polo menos, unha produción cuxo valor económico supere os catro millóns de euros, calculados segundo a produción media do últimos tres anos anteriores á solicitude. Sen embargo e segundo o artigo 6.2 da OCM, aplicable ás Organizacións de produtores da pesca, a Administración competente poderá minorar ata nun 75 % o valor económico antes referenciado si a si solicita a OPP e deberá quedar reflexado na resolución de recoñecemento. Este criterio unicamente será aplicable naquelas OPP nas que polo menos o 80 % dos buques, teñan menos de 12 metros de eslora e que non practiquen a modalidade de pesca de arrastre.

- No artigo 9 establece os requisitos que deben cumprir as solicitudes e a documentación de acompañamento que deben presentar a estes efectos.

➤ **Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.**

➤ **Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca marítima de Galicia**, modificada por Lei 6/2009, do 11 de decembro.

➤ **Decreto 50/2021, do 11 de marzo, modificado polo decreto 210/2022, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar**, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar. Segundo o artigo 11 á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica correspóndelle exercer, entre outras, as seguintes funcións:

“O fomento da creación e o control da actividade das organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades representativas do sector recoñecidas no marco da Organización Común de Mercados”



- **Resolución de 5 de xuño de 2019 pola que se regula na Comunidade Autónoma de Galicia a tramitación dos procedementos de recoñecemento como organización de produtores pesqueiros (OPP) e de retirada do recoñecemento como organización de produtores pesqueiros e se establecen os formularios de presentación de solicitudes (códigos de procedemento PE301A e PE301B).**
- **Informes emitidos polo Servizo de análise e Rexistro.**
- **Informe técnico e proposta de Resolución do Servizo de Mercados,** onde se analiza a documentación presentada e se verifica o cumprimento dos requisitos para o recoñecemento como OPP no marco da OCM .

Neste informe sinálase que aínda que o valor económico actual da produción que presenta esta organización a pequena escala aos efectos de solicitar o seu recoñecemento supera os catro millóns de euros, determinadas particularidades desta organización e da súa produción, aconsellan que para poder garantir a viabilidade e mantemento do recoñecemento como Organización de produtores no marco da OCM, no que respecta ao requisito de ter unha actividade económica suficiente se teña en consideración o establecido no artigo 3 apartado 3) letra c) do Real decreto 277/2016. Así, este ditame técnico considera necesario aplicar a este expediente a excepción contida neste artigo e minorar esta contía nun 75%, quedando polo tanto que a actividade económica suficiente, calculada segundo a produción media dos últimos tres anos anteriores, que deberá obter esta organización de produtores para ser recoñecida e manter o seu recoñecemento é de, ao menos, unha produción cuxo valor económico supere un millón de euros.

Na súa virtude, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, da consellería do Mar, en cumprimento dos artigos 90 e 91 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia e do artigo 11 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar



RESOLVE

Primeiro. Recoñecer á Organización de produtores pesqueiros de Noia-OPPNOIA con NIF. G56340458, como **Organización de Produtores Pesqueiros de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o sector da pesca.**

Segundo. No ámbito deste recoñecemento, no que respecta ao requisito de ter unha actividade económica suficiente terase en consideración o establecido no artigo 3 apartado 3) letra c) do Real decreto 277/2016 e aplicarase unha minoración da contía requirida para as OPP de ámbito autonómico do 75% baseada por razóns de tratarse dunha Organización de Produtores a pequena escala dun ámbito local e dependente para alcanzar ese valor económico dun único grupo biolóxico, os moluscos bivalvos vivos.

Este recoñecemento queda supeditado ao cumprimento das **CONDICIÓNS E OBRIGAS** das OPP establecidas na lexislación vixente e, en particular:

- Notificar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, da Consellería do Mar o Regulamento Interno, de ser aprobado conforme ao recollido nos estatutos e achegar unha copia do mesmo.
- Comunicar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, da Consellería do Mar, calquera cambio nas condicións que deron lugar ao seu recoñecemento.
- Adaptar os seus estatutos ás esixencias que se deriven da evolución da Organización Común de Mercados (OCM) ou normativa vixente que lles afecte as OPP.
- Aplicar as medidas previstas no artigo 8 do Regulamento (UE) núm. 1379/2013, do 11 de decembro, para acadar os distintos obxectivos establecidos no artigo 7 do dito Regulamento.
- Cumprir os principios de funcionamento interno establecidos no artigo 17 do Regulamento (UE) núm. 1379/2013, do 11 de decembro.
- Manter unha estrutura organizativa propia dotada do persoal, da infraestrutura e do equipamento necesario para poder cumprir as obrigas establecidas na normativa, en particular, o coñecemento da produción dos seus membros e da xestión orzamentaria.



- Levar unha contabilidade diferenciada para a xestión da OPP.
- Facer constar por escrito as normas que adopten en materia de explotación, produción e comercialización e velar polo seu cumprimento.
- Velar polo cumprimento por parte dos produtores membros das normas estatutariamente adoptadas.
- Facilitar o labor de inspección e subministrar a documentación e información que se precise a requirimento da Administración competente.
- Rexerase, no seu funcionamento, polo disposto no capítulo V da OCM, así como na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia de xeito que non exista unha posición dominante no mercado da OPP.
- Cumprir coas normas comúns de comercialización vixentes e en particular co disposto nos artigos 34 e 47 do Regulamento (UE) núm. 1379/2013, do 11 de decembro.
- Manter unha actividade económica suficiente conforme aos artigos 3.3 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.
- Impoñer aos seus membros a obriga de permanecer na organización un período mínimo de un ano natural dende a data da súa admisión. Una vez transcorrido o dito período, a renuncia á condición de membro comunicárase por escrito cunha antelación de polo menos de quince días á data efectiva da baixa, de acordo co artigo 3.2 do Real decreto 277/2016 do 24 de xuño.
- Notificar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica as novas adhesións e as baixas, para dar cumprimento ao disposto no artigo 3.8 do Real decreto 277/2016 do 24 de xuño e, poder determinar o cumprimento da actividade económica suficiente (OPPGA).
- Presentar ante a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica un plan de produción e comercialización, no prazo de dous meses a partir do día seguinte á resolución de recoñecemento, cun prazo de aplicación do mesmo ata o 31 de decembro do ano seguinte ao seu recoñecemento. Posteriormente, poderán presentar un plan anual ou plurianual, de conformidade co disposto no artigo 14.3 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño. Os plans de produción e comercialización posteriores presentaranse antes do 31 de outubro do ano en que finalice a vixencia do seu plan aprobado de conformidade co artigo 14 da dita norma.



- Presentar ante a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica un informe anual de actividades desenvolvidas no marco do plan de produción e comercialización establecido no artigo 28 do Regulamento (UE) núm. 1379/2013, do 11 de decembro. Este informe deberá presentarse antes do 28 de febreiro de cada ano segundo o artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.
- En todo caso, o incumprimento das condicións de recoñecemento como OPP pode levar consigo a retirada deste.

Terceiro.- Ordenar a publicación dun extracto da presente resolución de recoñecemento como OPP, no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co establecido no artigo no artigo 8.4 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo máximo de un (1) mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícaselle a presente resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

